



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Expediente:2020/A001/000006

Asunto: Aprobación das bases para a selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio ao Programa de emprego "MAIS2020"

ANTECEDENTES

Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia

Convenio de colaboración de data 17/02/2020 para a solicitude dun obradoiro dual de emprego denominado "MAIS 2020" no que se acorda a colaboración entre os Concellos de Val Do Dubra, Santa Comba, Negreira e A Baña e se nomea concello promotor e sede á entidade Concello da Baña

Solicitude de data 20 de febreiro de 2020 de subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "MAIS2020". Coa solicitude achégase a documentación esixida para os proxectos de obradoiro de emprego.

Resolución de concesión da subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria en data 6 de novembro de 2020 co seguinte contido:

- Subvención concedida: 346.946,00 €
- Data prevista de inicio: 15/12/2020
- Data prevista de remate: 14/09/2021
- Nº horas: 1440
- Especialidades: Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais e Pintura decorativa en construción.
- Nº alumnos /as traballadores /as: 20

Circular da Consellería de Economía, Emprego e Industria nº 53/2020, coas instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, así como do alumnado – traballador dos Programas de Emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Bases para a selección do alumnado traballador /a e persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro de emprego "MAIS2020"

CONSIDERACIONS TECNICAS, XURÍDICAS E ECONOMICAS

Primeira.- O artigo 10.1 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 dispón que a selección do alumnado – traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante a instrución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Segundo.- O artigo 10.2 citado na anterior consideración dispón que nos criterios de selección do alumnado – traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, se procurará a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán

respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral que a desenvolva.

Terceiro.- As bases reguladoras do proceso de selección do persoal e alumnado traballador do obradoiro dual de emprego aprobadas polas entidades promotoras deberán ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora do obradoiro. Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal)

En virtude do exposto, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as bases para a selección do alumnado – traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto de obradoiro dual de emprego "MAIS2020".

As bases aprobadas (CVD: 9P8D9k9yHml3lcGKPrpP), acompañan como anexo o presente decreto.

Segundo.- Remitir á Xefatura Territorial de Emprego da coruña a documentación precisa para a solicitude, en tempo e forma.

Terceiro.- Dar conta deste acordo ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

A Baña, na data da sinatura dixital

José Antonio Pereira Gil, alcalde

María Pardo Quintana, secretaria - interventora

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "MÁIS2020"

O Obradoiro de Emprego "MÁIS2020" é un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e promovido polo Concello da Baña e conveniado cos concellos de Val do Dubra, Negreira e Santa Comba.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS (SEAG0209) (12 alumnos/as).
- PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN (EOCB0110) (8 alumnos/as)

A distribución por concellos é a seguinte:

- Concello de Negreira: 5 alumnos/as
- Concello de Val do Dubra: 5 alumnos/as
- Concello da Baña: 5 alumnos/as
- Concello de Santa Comba: 5 alumnos/as

No caso de baixas ou renuncias do alumnado, procederase á súa substitución por alumnado suplente do mesmo concello.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Renovación de acabados interiores na Casa da Cultura en San Vincenzo, A Baña.
- 2.- Renovación de acabados interiores no local social e da 3ª idade en San Vincenzo, A Baña.
- 3.- Limpeza viaria do casco urbano de Santa Comba, mobiliario e paramentos verticais.
- 4.- Labores de mantemento da rede de sumidoiro público no casco urbano de Santa Comba.
- 5.- Obras de pintura de interiores na Casa Consistorial do Concello de Santa Comba.
- 6.- Obras de pintura nunha aula e no almacén do CMF de Santa Comba.
- 7.- Obras de pintura no local social de Frelxeiro, Santa Comba.
- 8.- Obras de pintura no local parroquial en A Illa, Santa Comba.
- 9.- Limpeza viaria do casco urbano de Negreira.
- 10.- Obras de pintura de interior no local social de Portor, Concello de Negreira.
- 11.- Obras de pintura de interior no local social de Marcelle, Concello de Negreira.
- 12.- Obras de pintura de interior no local social de Romarís, Concello de Negreira.
- 13.- Obras de pintura de interior no local social de Alvite, Concello de Negreira.
- 14.- Limpeza viaria dos núcleos do Concello de Val do Dubra.
- 15.- Limpeza de marquesiñas en todo o ámbito municipal do Concello de Val do Dubra.
- 16.- Obras de pintura de interior na biblioteca municipal do Concello de Val do Dubra.
- 17.- Obras de pintura de interior no local social de Arabexo, no Concello de Val do Dubra.

18.- Obras de pintura de interior nos vestiarios do campo de fútbol, no Concello de Val do Dubra.

19.- Obras de pintura de interior nos vestiarios do campo de fútbol novo, no Concello de Val do Dubra.

20.- Limpeza viaria do núcleo urbano de San Vicenzo e no núcleo rural da parroquia da Riba, A Baña.

21.- Limpeza de espazos abertos, mobiliario e paramentos verticais nos núcleos rurais das parroquias de Monte e San Xoán de Barcala, A Baña.

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as.

O alumnado traballador/a será contratado baixo a modalidade de contrato para a formación e a aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestre/a da especialidade de Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais (xornada completa).
- 1 mestre/a da especialidade de Pintura decorativa en construción (xornada completa).
- 1 titor/a (ao 50 % da xornada)
- 1 administrativo/a (ao 50 % da xornada)

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

1.- COMISIÓN DE SELECCIÓN:

A comisión de selección estará formada por catro persoas, representantes de cada concello participante no programa de emprego. A presidencia da comisión recaerá na persoa que representa á entidade promotora. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte da comisión de selección nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección.

A comisión de selección considerarase validamente constituída coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións da Comisión de selección algún/ha dos/as seus/súas compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto fose designada como suplente pola entidade promotora.

A comisión de selección estará integrada polas seguintes persoas:

- Dona María Dolores Landeira Liñares, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Baña, en calidade de presidenta e representante do Concello da Baña, entidade promotora, e Dona Mónica Tomé Rey, Técnica Informadora xuvenil do Concello da Baña, como suplente da mesma.
- Dona Ana Lucía Calviño Canedo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Val do Dubra e Dona M^{te} del Carmen Noya Iglesias, Educadora Familiar do Concello de Val do Dubra, como suplente da mesma.
- Dona Sonia Ponte Esturao, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira, en calidade de vogal e representante do Concello de Negreira, e Dona Sonia Nieto López, Orientadora Laboral do Concello de Negreira, como suplente da mesma.
- Dona María Luz Vieito Díaz, funcionaria do departamento de Persoal do Concello de Santa Comba, en calidade de Secretaria da comisión de selección e Don Evaristo Lois Rama, adxunto a secretaría do Concello de Santa Comba, e suplente da mesma.

2.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A:

Localidade: Ámbito dos Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: Igual ou superior aos 18 anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego; e que teñan solicitado algún dos seguintes servizos; Escolas Taller Programas (320), Casa de Oficio (330), Taller de emprego (340) Outros programas de emprego e formación dual (370) e demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 "suspensión específica programas experimentais de emprego", sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: A comisión de selección aplicará os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2, 10 e 11 da Orde do 27 de decembro



de 2019 (DOG núm 14, do 22 de xaneiro de 2020), e no artigo 105.3 da Lei 18/2014 de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, segundo baremo establecido no Anexo I.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados (art. 2.3).

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola comisión de selección, e o mínimo será, se é posible, de 3 por praza.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na oficina de emprego de Santiago Norte, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión de selección.

Concluída a sondaxe, será a entidade promotora a que se encargue de comunicarlle ás persoas candidatas o lugar, data e hora para a realización da entrevista persoal, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos, e para a presentación da documentación acreditativa dos méritos sinalados nas base da convocatoria. O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola comisión de selección, que aplicará o baremo que figura como anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos/as candidatos/as remitidos/as pola oficina de emprego e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

O día da entrevista persoal, e tras a realización da mesma, os/as candidatos/as procederán a rexistrar a documentación a efectos de baremación no Rexistro Xeral do Concello:

- Orixinal e copia do DNI ou NIE.
- Orixinal e copia da documentación acreditativa de ser vítima de violencia de xénero, de ser o caso. Para acreditar a condición de vítima de violencia de xénero poderase facer a través de calquera das seguintes formas:
 - a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar vixente, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
 - c) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia de ditos indicios.

- d) Informe actualizado dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición.
- e) Modelo común para a acreditación da situación de violencia de xénero, adoptado en cumprimento do previsto no parágrafo segundo do artigo 23 da

Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral fronte a violencia de xénero.

- Orxinal e copia do certificado de minusvalía no caso de que acredite unha minusvalía igual ou superior ao 33%.
Certificación dos servizos sociais do concello respectivo de ser beneficiario/a do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia (Risga).
Orxinal e copia do título académico correspondente. Só se valorará a documentación aportada. Non se procederá a efectuar esta comprobación no caso de que a persoa candidata non aporte ningunha documentación relativa a este punto, xa que nese suposto non se puntuará.
- Os apartados de protección por desemprego, de antigüidade por desemprego e de ter prevista a realización deste tipo de medidas no Itinerario de Inserción Profesional serán puntuados a través da información que figure na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia, para o que os/as Interesados/as deberán prestar consentimento para a súa consulta. Quen o desexe poderá aportar documentación acreditativa adicional para a súa puntuación.
- Declaración xurada de non ter participado anteriormente en: Escolas Taller Programas, Casa de Oficio, Taller de emprego, Outros programas de emprego e formación dual.

Toda documentación non presentada no prazo establecido non se terá en conta a efectos de baremación. A non presentación de documentación xustificativa nos termos indicados anteriormente, suporá que se lle outorguen 0 puntos nese apartado.

A data de referencia que se tomará a efectos de baremo será o do día que fixe a Comisión de Selección unha vez establecido o calendario.

Unha vez rematada a entrevista farase pública a puntuación da mesma no mesmo lugar onde tivo lugar a entrevista e na páxina web da entidade promotora.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos/as-traballadores/as propostos, a entidade promotora remitirá á correspondente Oficina de Emprego para verificar que cumpren os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún/ha candidato/a proposto/a non cumprira ditos requisitos, a Oficina de Emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida ser substituído/a pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

3.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de



emprego de Santiago Norte, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

O procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego ou en mellora de emprego e terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

A comisión de selección determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba, ampliándose, no caso de non obterse os/as candidatos/as suficientes, aos outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego á que pertencen os catro concellos participantes** e, de ser necesario, a toda a provincia.

A comisión de selección comunicará aos/as candidatos/as preseleccionados/as mediante notificación a data, lugar e hora para a realización da entrevista persoal, así como o prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo acreditativa dos seus méritos (Anexo II):

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, de máis de 20 horas, que se xustificarán cos correspondentes diplomas. Os cursos de menos de 20 horas, xornadas, congresos, simposios, etc., non se valorarán.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traballo por conta allea: Informe de vida laboral acreditado con contratos de traballo ou certificados de empresa, sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de Informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obriga de cotizar. No caso de que non exista unha constancia clara das funcións ou ocupacións desempeñadas poderán xuntar certificacións de servizos prestados ou acreditación da colexiación de ser o caso.
 - ✓ Traballo no estranxeiro: Certificación oficial con tradución xurada na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.
 - ✓ O coñecemento do idioma galego, que se xustificará co título ou certificación do Celga correspondente.

Despois da realización da entrevista persoal, os/as candidatos/as procederán a rexistrar dita documentación a efectos de baremación no Rexistro Xeral do Concello.



As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

Unha vez realizadas as correspondentes entrevistas farase pública a puntuación da mesma no mesmo lugar onde tivo lugar a entrevista e na páxina web da entidade promotora.

3.1 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais son, por orde de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempregado (derradeira inscrición na oficina de emprego)
- b. A puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional.
- c. A puntuación obtida no apartado de experiencia docente.
- d. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- e. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- f. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- g. A persoa de maior idade.

3.2 Incompatibilidades

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego non poderán ser propostas para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar as listaxes de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida en dito proceso de selección.

4. PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS:

A comisión de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Santiago Norte, así como na páxina web da entidade promotora e nas dos concellos colaboradores.



GOBIERNO DE GALICIA

galicia

XUNTA DE GALICIA

5. INCIDENCIAS

A comisión de selección queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso de selección e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Na Baña, a 10 de novembro de 2020.

A comisión de selección:

Presidenta

Mª Dolores Landeira Liñares
AEDL Concello da Baña

Secretaria

Luz Mª Vieito Díaz
Técnica administración Concello de Santa Comba

Vogals;

Sonia Ponte Esturao
AEDL Concello de Negreira

Ana Lucía Calviño Canedo
AEDL Concello de Val do Dubra

Suplentes:

Mónica Tomé Rey
Técnico de Información Xuvenil
Concello da Baña

Evaristo Lois Rama
Adxunto a secretaria do
Concello de Santa Comba

Sonia Nieto López
Orientadora Laboral Concello de Negreira

Mª del Carmen Noya Iglesias
Educadora Familiar do Concello de Val
do Dubra

ANEXO I

ENTREVISTA:

Valorarase o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 9 puntos.

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

MULLERES	Mulleres	1 punto
	Mulleres vítimas de violencia de xénero	2 puntos
IDADE	18-44 anos	0 puntos
	45 anos ou máis	3 puntos
DISCAPACIDADE	Minusvalía >33%	1 punto
PROTECCIÓN DE DESEMPREGO	Perceptores de desemprego	1 punto
	Perceptores de subsidios	1 punto
	Non perceptores	3 puntos
TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO	Menos de 0 a 18 meses	1 puntos
	Máis de 18 meses	3 puntos
PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS		1 punto
PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	Persoas beneficiarias do tramo de Inserción da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)	1 punto
FORMACIÓN ACADÉMICA	Ata graduado en ESO	3 puntos
	Bacharato/BUP e FP ciclo medio	1 punto
OUTROS	Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de Inserción Profesional (IPI)	2 puntos
	Non ter participado anteriormente en: Escolas Taller Programas, Casa de Oficio, Taller de emprego, Outros programas de emprego e formación dual	2 puntos

A comisión de selección establece como criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, por orde de prelación, os seguintes:

- Non ter participado nunca nun Obradoiro de Emprego
- A menor cualificación profesional
- Maior tempo acreditado como desempregado/a (derradeira inscrición na oficina de emprego)

ANEXO II

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante os Concellos da Baña, Val do Dubra, Negreira e Santa Comba as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
9. Impartir a formación complementaria relativa ao módulo transversal de xestión empresarial e ao módulo de Alfabetización Informática.

Será contratado/a a tempo completo.



REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase pola ocupación de "Director/a de centro educativo", con titulación universitaria.

Experiencia profesional mínima na ocupación de 6 meses.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

VALORACIÓN DO CURRÍCULO:

Titulación académica relacionada coa que se oferte e máis axeltada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avallables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 8 puntos.



Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, etc. non será obxecto de puntuación.

De acreditarse dous ou máis cursos da mesma materia só se terá en consideración o de nivel superior.

Soamente se puntuarán os cursos de informática a partir do 01/01/2010 por considerar a comisión de selección que os anteriores estarían completamente desactualizados para as funcións a desenvolver.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.**

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir a docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos

VALORACIÓN DO CURRÍCULO:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliábeis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.


A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 8 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.





BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIÓN:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado **1 mestre/a de LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS** a xornada completa e **1 mestre/a de PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN** a xornada completa.

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro as incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.
- Cada mestre/a na súa especialidade impartirá o módulo de Sensibilización Ambiental respectivo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nível académico:

Os establecidos no **(RD 720/2011, de 20 de maio de 2006)**, que regula o certificado de Profesionalidade da especialidade de LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS.

Os establecidos no **RD 615/2013, de 2 de agosto**, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN.



ORGANISMO DE EMPREGO DE GALICIA

galicia

Xacobeo 2021



A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

De acreditarse dous ou máis cursos da mesma materia só se terá en consideración o de nivel superior.

Soamente se puntuarán os cursos de informática a partir do 01/01/2010 por considerar a comisión de selección que os anteriores estarían completamente desactualizados para as funcións a desenvolver.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas**.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A E MESTRE/A DE ENSINO BÁSICO

FUNCIÓNS:

Realizará labores de tutoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos/coas docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título da ESA. Deberá ter



experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica.

Será contratado/a ao 50% da xornada.

Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.

- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado.
- Impartirá a formación complementaria correspondente ao módulo de sensibilización en igualdade de xénero.

REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase polas ocupacións de "Mestre/a de educación de adultos" e "Mestre de Educación Primaria", con titulación universitaria.

Experiencia profesional mínima na ocupación de 6 meses.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo 7 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima posible 2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballados ata un máximo de 3,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 8 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

De acreditarse dous ou máis cursos da mesma materia só se terá en consideración o de nivel superior.

Soamente se puntuarán os cursos de informática a partir do 01/01/2010 por considerar a comisión de selección que os anteriores estarían completamente desactualizados para as funcións a desenvolver.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos

- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de 1 punto.



Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA ADMINISTRATIVO/A

FUNCÍONS:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co/a director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado.
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora.

Será contratado/a ao 50% da xornada.

REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realízase pola ocupación de "Técnicos administrativos" e "Empregados administrativos" coa categoría de auxiliar e coa titulación de Técnico en xestión administrativa ou Técnico superior en Administración e Finanzas.

Experiencia profesional mínima na ocupación de 96 meses.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Three handwritten signatures at the bottom of the page.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Título de técnico/a doutra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,50 puntos

Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.

Título de bacharelato: 1,5 puntos

Titulación universitaria: (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3,5 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 8 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

De acreditarse dous ou máis cursos da mesma materia só se terá en consideración o de nivel superior.

Soamente se puntuarán os cursos de informática a partir do 01/01/2010 por considerar a comisión de selección que os anteriores estarían completamente desactualizados para as funcións a desenvolver.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 2 puntos.

Coñecementos do Idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas**.

